

i

## Centro de Información ás Mulleres

Avda. do Balneario, 10 baixo

15142 Arteixo. A Coruña

Tel. 981 601 415

Fax 981 601 558

muller@arteixo.dicoruna.es

abcd  
efgh  
ijklm  
nop  
qrstv  
wxyz

**CIM** CENTRO DE  
INFORMACIÓN  
ÁS MULLERES



Concello de Arteixo

Colaboran:

**El Ideal Gallego**

**laopinioncoruña**



**La Voz de Galicia**

**Xornal**

**IX Certame Xornalístico**  
**Dora Vázquez**  
2011

# O Concello de Arteixo, a través da Concellaría de Muller, convoca o IX Certame Xornalístico

## Dora Vázquez 2011

- 1.-** Poderán concorrer a él todas as persoas que o desexen cun artigo de opinión inédito, único e orixinal, e escrito en galego. Cada participante será responsábel do contido do seu artigo.
- 2.-** O tema para o Certame correspondente ao 2011 é **"Muller e educación"**.
- 3.-** Os artigos deben ter unha extensión de entre 1.500 e 4.000 caracteres, escritos en papel DIN A4 por unha soa cara. O artigo deberá ir titulado e cun lema da autora/autor.
- 4.-** Os traballos presentaranse por cuadruplicado nun sobre grande pechado. Neste sobre non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia á autoría do artigo. Dentro deste sobre incluírase un sobre pequeno, tamén pechado, que levará escrito por fóra o título do artigo e o lema. No interior figurará unha fotocopia do DNI, teléfono de contacto e, de ser o caso, enderezo electrónico.
- 5.-** Os artigos poderanse presentar ou enviar, antes do **7 de febreiro de 2011** facendo constar:  
"PARA O CERTAME XORNALÍSTICO DORA VÁZQUEZ"

**e** Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R. Dopico, 1  
15142 Arteixo - A Coruña

**6.-** Establécese un único premio dotado de 600 € e sometido á retención legal establecida. O premio pode quedar deserto.

**7.-** O xurado, designado polo Concello de Arteixo, fará pública a súa decisión inapelábel no mes de marzo, cando se fará entrega do premio nun acto convocado a tal fin. A persoa premiada comprométese a asistir a este acto.

**8.-** Os orixinais non premiados poderán retirarse no prazo dun mes dende o fallo do xurado, na Concellaría de Muller no seguinte enderezo

**i** Centro de Información ás Mulleres  
Avda. do Balneario, 10 baixo  
15142 Arteixo

Transcorrido este prazo, os artigos non premiados que non sexan recollidos, serán destruídos.

**9.-** A persoa premiada renuncia aos seus dereitos económicos en caso de que o Concello publique o texto. A obra gañadora será publicada nos xornais, "El Ideal Gallego", "La Opinión de A Coruña", "La Voz de Galicia", "O Xornal de Galicia" e na páxina web da Asociación da Prensa da Coruña.

**10.-** A interpretación das bases corresponde ao xurado. O feito de participar supón a aceptación destas bases.